

**ANUNCIO BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL
CON CARÁCTER TEMPORAL-PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017.**

Postos: 2 Peóns de limpeza por período de 6 meses e a xornada completa, asimilado a un Grupo E de funcionarios.

- O contrato realizarase pola modalidade de acumulacion de tarefas, art. 3 do RD 2720/1998 de 18 de decembro, do seguinte xeito:

- As funcións obxecto do contrato serán as propias dos operarios de Medio Ambiente no servizo de limpeza e recollida de lixo.

- As retribucións mensuais íntegras serán segundo convenio.

- Requisitos dos aspirantes:

*** Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, BOE do 31/10/2015).

*** Específicos:**

O certificado de estudos primarios, de escolaridade ou titulación equivalente ou superior.

Carnet de conducir da clase B (turismos) e dispoñibilidade de vehículo.

CRITERIOS DE SELECCION:

1. Proba escrita: Puntuación máxima 10 puntos.

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais de Administración Local e de procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos do termo municipal de Ribadeo e cuestións relativas á prevención de riscos laborais (parte xeral e especial), segundo se sinala a continuación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 50 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

A) Parte Xeral:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local. Disposicións xerais .(Título I e II.)
2. A Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (Principios básicos.Disposicións xerais. Título I,II e III.)

B) Parte especial:

- 1.-Coñecemento do termo municipal de Ribadeo: número e nome das parroquias, lugares de espacemento público, zonas verdes, espazos naturais, lugares de interese, etc.
- 2.-Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. (Principios Básicos. Capítulos I,II e III)
- 3.-A Ordenanza municipal de Medio Ambiente (BOP de Lugo n.º 178 de 4 de agosto de 2006).
- 4.-A Lei 10/2008, de 3 de novembro de residuos de Galicia. Principios básicos.

2.- Exercicio de idioma galego. Máximo 1 punto.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal seleccionador inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou superior que se valorará con 1 punto.**

3. Méritos.-

Por cursos directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 40 a 69 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 39 horas..... 0,20 puntos.
- 1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- 1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

ORGANO DE SELECCIÓN:

Presidente: Titular: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D.José Vázquez Cupeiro, Administrativo de Admón.Xeral do Concello.

Vocais:

Titular: D. Antonio J.Cuadrado García, Capataz Municipal.

Suplente: D. Jose Luis Martínez Fernández, Chófer do Concello de Ribadeo.

Titular: D. Santiago López López, Xefe de Grupo de Medio Ambiente.

Suplente: D. Manuel Rodil Oya, axudante de xardiñería do Concello de Ribadeo.

Secretario con voz sen voto: Don José A. Carro Asorey, Secretario Xeral da Corporación.

Suplente: D. José Rodil Veiga, TAX do Concello de Ribadeo.

DOCUMENTACION A PRESENTAR.-

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (**segundo as esixencias destas bases**)

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsu ou copia xa compulsada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:

A documentación deberá presentarse como máximo ata as **14 horas do día 10 de agosto de 2017** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello, publicándose ao día seguinte resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal.

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o **día 21 de agosto de 2017 a partir das 16,00 horas** na Casa do Concello, agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada aos aspirantes.

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, de xeito previo á sinatura do contrato laboral temporal ou durante o período de proba, no seu caso, pasar o recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

O ALCALDE,

ASDO. FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE